



PLAN DE DESENVOLVEMENTO EUROPEO

1. CONTEXTO DO CENTRO

1.1. A ESCOLA

A Escola Oficial de Idiomas (EOI) de Vilagarcía é un centro público dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no que impartimos ensinanzas de réxime especial, concretamente os idiomas alemán, francés, inglés, italiano e portugués.

Réxese polos principios constitucionais de igualdade, liberdade, xustiza, pluralismo, respecto á dignidade e dereitos da persoa, aconfesionalidade e non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outro motivo.

1.2. A CONTORNA

A escola atópase nunha contorna urbana que permite á comunidade un fácil acceso ás instalacións do noso centro. Conta con conexións modernas por tren, estrada e incluso por mar con todas as capitais galegas.

En 2017 o municipio contaba cunha poboación de 37479 habitantes. É o noveno municipio en poboación de Galicia. Dista 25 kilómetros da capital de provincia, Pontevedra e 57km de Santiago de Compostela, capital de Galicia.

O porto de Vilagarcía de Arousa é un dos máis importantes compoñentes da economía deste municipio e da comarca. Actualmente é un significativo punto de exportación e importación de mercadorías, de actividade pesqueira e de ocio. Os sectores pesqueiro, de marisqueo e conserveiro son os pilares económicos da rexión, seguidos do turismo.

A EOI da servizo, polo tanto, a un volume poboacional importante, que inclúe todo o termo municipal, a rexión do Salnés e a zona de Arousa Norte. A proxección internacional da comarca gaña importancia ano tras ano a través das exportacións de produtos do mar a todo o mundo e da recepción de turistas especialmente en verán, o que acentúa a relevancia desta institución na cidade.

1.3. O ALUMNADO

O noso alumnado caracterízase por ser moi heteroxéneo no tocante á idade -maioritariamente adulto-, á ocupación, á extracción social, á formación e á motivación. Predominan as mulleres sobre os homes e na actualidade o número de matrículas oficiais supera as 1.000 repartidas non só nas cinco linguas dos seis niveis do MCERL que se imparten nas escolas de idiomas, e en inglés a maiores, os CALC (Cursos de Actualización Lingüística e Comunicativa) dirixidos ao profesorado e organizados polos Centros de Formación e Recursos da Xunta de Galicia e os *That's English!*, ensinanza oficial en modalidade semipresencial.

1.4. TRABALLADORES DO CENTRO

1.4.1 Profesorado

O claustro está composto por un total de 20 docentes e medio que se distribúe do seguinte xeito: tan só 8 teñen destino definitivo no centro dos cales 2 están no departamento de alemán, 4 no de inglés, 1 no de italiano e 1 en portugués.

Contamos cun número importante de profesorado flutuante no centro. Este feito posibilita a organización e planificación de actividades e proxectos en todo caso a curto ou medio prazo; e, a pesares do compromiso da meirande parte dos docentes durante a súa estancia no centro, a longo prazo dificulta bastante o desenvolvemento.



Ademais, arredor do 40% do claustro reside fóra da zona do Salnés o que condiciona bastante a participación en actividades fóra do horario lectivo e o contacto co alumnado e outro profesorado fóra e dentro do centro.

1.4.2 Persoal non docente

O persoal administrativo e de servizos do centro consta de 5 membros repartidos do seguinte xeito: unha administrativa, dúas conserxes, e dous membros do persoal de limpeza.

2. OBXECTIVOS DO PLAN DE DESENVOLVEMENTO EUROPEO A 5 ANOS

1. Internacionalizar a organización educativa en todos os seus sectores (profesorado, alumnado, PAS) para a creación dunha rede de contactos europea que os acompañe nos seus procesos de cambio convertindo así a EOI nun centro de referencia atractivo para profesionais e alumnado.

2. Optimizar as prácticas metodolóxicas do centro:

a. O equipo directivo: desenvolver estratexias relacionais, comunicativas e administrativas para establecer un diálogo institucional que mellore a conexión interna entre los axentes educativos na organización, así como a conexión externa con axentes do mercado laboral e profesional internacional.

b. O profesorado: innovar a súa metodoloxía a través de estratexias de observación profesional nun entorno europeo.

c. O alumnado: establecer unha rede internacional para a mellora das súas estratexias sociolingüísticas a partir do uso de diferentes plataformas de comunicación e aprendizaxe reforzando o seu vínculo coa organización e diminuíndo o abandono.

d. Os PAS: Con frecuencia o primeiro contacto dos usuarios co centro é a través deste persoal, polo que é importante que contribúa a crear un clima de boa convivencia, respecto e tolerancia.

3. Optimizar as prácticas de xestión do centro:

a. Adquirir estratexias de liderado para a mellora do desenvolvemento profesional do equipo docente e non docente do centro.

b. Mellorar as formas de comunicación, relación, interacción entre todos os axentes do proceso de ensino-aprendizaxe e a incidencia do papel de liderado dos equipos directivos. Isto se desenvolverá tamén desde unha óptica emocional, que se ben está fortemente vinculada a cuestións culturais, é precisamente por esta razón susceptible de ser modificada gracias á observación e experiencia en entornos internacionais. A importancia dunha xestión emocional facilitadora do proceso de aprendizaxe como reforzo de metodoloxías activas e inclusivas é indiscutible e un obxectivo claro de aprendizaxe no contexto de este proxecto.

3. ESTRATEXIAS E FERRAMENTAS

● eTwinning

Nos últimos dous anos o centro ten dados algúns pasos na adquisición de estratexias para alcanzar os obxectivos do Plan de Desenvolvemento Europeo. Así contouse cunha formación de iniciación en eTwinning a cargo de Marcos Vence, embaixador de eTwinning Galicia e alumno do centro, para coñecer esta ferramenta tan efectiva na busca de socios.

Sobre esta base e coa intención de seguirmos formando no seu uso, a implementación da ferramenta articularase en tres fases:

- Fase previa a solicitar Erasmus+: Como ferramenta de aula nos servirá para avanzar en metodoloxías activas de traballo colaborativo por proxectos con integración das TIC para a



comunicación internacional. Un proxecto eTwinning de centro será a base sobre la que se asente o desenvolvemento posterior do proxecto europeo.

- Fase de solicitude Erasmus+: Ferramenta de busca, captación e testeado de socios para o conseguente proxecto Erasmus+.
- Fase posterior a Erasmus+: Ferramenta de difusión a través do irmandamento virtual con outros centros como parte da nosa estratexia de diseminación do proxecto Erasmus+.

- **EPALE**

Esta plataforma axudaranos a atopar socios de características semellantes ás do noso centro, xa que é repositorio de referencia de institucións de educación de adultos.

- **Documentos de mobilidades europeas:**

Todas as mobilidades e formacións realizadas no marco deste Plan de Desenvolvemento Europeo e os conseguentes proxectos de cooperación internacional que se podar levar a cabo para a súa consecución terán o respaldo documental e de certificación para os participantes do Documento de Mobilidade Europass, o Curriculum Vitae Europass e o Pasaporte Europeo das Linguas Europass.

- **Erasmus+:**

Erasmus+ é unha vía de proxección e colaboración internacional fundamental que articulará de forma estrutural el desenvolvemento do presente plan. Nunha primeira instancia a EOI de Vilagarcía propónse solicitar o proxecto Erasmus+ KA104 para dar un primeiro impulso ao seu Plan de Desenvolvemento Europeo. Para isto deseñaranse actividades internacionais de observación e de formación que incentiven a consecución dos obxectivos formulados tanto desde o punto de vista metodolóxico como de xestión e internacionalización. Colaboraremos con EAQUALS, IIK ANSBACH, ECML GRAZ.

En función do éxito e nivel de consecución de obxectivos, serán propostas outras iniciativas similares no marco do programa Erasmus+.

4. ACTIVIDADES

As actividades de mobilidade europea propostas (actividades e eventos de formación, e estancias en institucións para a observación, "job shadowing", de contextos docentes e profesionais en organizacións e institucións de ensino e aprendizaxe de persoas adultas) inciden directamente na consecución dos obxectivos definidos, principalmente nos seguintes ámbitos:

1) Metodoloxía: para poder impartir unha ensino de excelencia é necesario que o profesorado estea en constante renovación en relación a últimas tendencias metodolóxicas, didácticas e tecnolóxicas. Para isto existen dúas vías fundamentais: a realización de cursos de formación específicos sobre temas concretos e a observación de prácticas docentes de excelencia. Ambas vías acentúan os seus efectos de aprendizaxe a través da súa implementación en entornos novos e descoñecidos, propios de ámbitos internacionais. Tanto a realización de cursos como a observación de iguais na súa proxección internacional incentiva a innovación de procesos nun contexto multilingüe, propio das escolas oficiais de idiomas.

2) Xestión e calidade:

- da aprendizaxe a través da avaliación e a certificación: as EEOOI son centros avaliadores e certificadores de competencias comunicativas segundo o MCERL. É un obxectivo primordial



manter e respectar estándares europeos de certificación que garantan o recoñecemento internacional das nosas probas. Para isto contamos co socio EAQUALS, líder internacional en acreditación de competencia lingüística e con quen pretendemos formarnos de forma directa.

- dos recursos humanos e materiais do centro a través de formación en estratexias de liderado, comunicación, interacción e acompañamento para o equipo docente e no docente. Estes aspectos se traballarán prioritariamente a través de fases de observación directa en espazos educativos internacionais que teñan verificado prácticas de excelencia neses ámbitos.

Neste sentido pretendemos formarnos en inclusión para previr o absentismo e abandono a través de un curso no IDEC, Grecia relacionado con esta temática e dirixido a persoal docente e no docente.

3) Internacionalización: a aprendizaxe dunha lingua estranxeira está fortemente ligado a súa proxección global internacional. É esta proxección global e internacional a que rexe as relacións profesionais da maioría do alumnado. A mobilidade de mercadorías procedentes dos sectores económicos da rexión, o turismo como ben de consumo e a transmisión de cultura como valor de este produto, requiren un desenvolvemento internacional innegable entre os seus xestores. É polo tanto de vital importancia para a nosa institución contar cunha rede de contactos profesionais internacionais tanto para o equipo docente como para o alumnado, que dote aa aprendizaxe dun contexto significativo para dar cobertura aos requirimentos sociais da actualidade.

A aprendizaxe significativa e contextualizada facilitará unha maior vinculación do alumnado á escola, reducindo o absentismo e abandono e mellorando as súas competencias para as relacións internacionais tanto persoais como profesionais.

A consecución deste obxectivo é inherente ao desenvolvemento dos anteriores, calesquera que sexan as actividades que se propoñan a nivel internacional.